

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

720 *Real decreto 1786/2011, do 16 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do lume bacteriano das rosáceas.*

Coa aprobación do Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do lume bacteriano das rosáceas, harmonizáronse e coordináronse as medidas oficiais aplicables ante a aparición de casos de lume bacteriano.

O Real decreto 1512/2005, do 22 de decembro, modificou o Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, co fin de optimizar as actuacións oficiais de erradicación e control do lume bacteriano e adecualas ao marco legal vixente na Unión Europea, ademais de actualizar a referencia feita a determinadas normas derogadas pola correspondente ás normas vixentes.

Posteriormente, o Real decreto 246/2010, do 5 de marzo, modificou o Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, para cumprir coas recomendacións formuladas no informe emitido pola Oficina Veterinaria e Alimentaria da Comisión Europea tras a auditoría levada a cabo en España do 26 de maio ao 6 de xuño de 2008.

Actualmente, e como consecuencia do cesamento do recoñecemento do estatus da zona protexida de Castilla y León, e de acordo co Regulamento de execución (E) n.º 436/2011, da Comisión, do 5 de maio de 2011, que modifica o Regulamento (CE) n.º 690/2008, polo que se recoñecen determinadas zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, cómpre establecer medidas de actuación fitosanitaria adecuadas ante esta situación.

Especificamente, no artigo 9 prevíronse as medidas adecuadas para evitar a propagación da praga, de entre o elenco establecido no artigo 18, en relación co 13, da Lei 43/2002, do 20 de novembro, de sanidade vexetal.

Tómanse estas medidas de conformidade co disposto no artigo 7.1.a) da Lei 43/2002, do 20 de novembro, e no artigo 16.1 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, que incorpora á lexislación española a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Na elaboración deste real decreto o Comité Fitosanitario Nacional emitiu o preceptivo informe e foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de decembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do lume bacteriano das rosáceas.*

O Real decreto 1201/1999, do 9 de xullo, polo que se establece o Programa nacional de erradicación e control do lume bacteriano das rosáceas, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 substitúese polo seguinte:

«Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. O programa que se aproba e as medidas del dimanantes serán de aplicación en todo o territorio nacional.

2. Nas zonas protexidas do territorio nacional respecto ao lume bacteriano, establecidas polo Regulamento (CE) n.º 690/2008, da Comisión, do 4 de xullo de 2008, polo que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, será de aplicación o establecido nos artigos 4 ao 8 deste real decreto.

3. Nas zonas do territorio nacional que non teñan a consideración de zonas protexidas segundo o citado regulamento, no sucesivo zonas non protexidas, será de aplicación o determinado no artigo 9 e na disposición adicional segunda.»

Dous. Engádesse un novo artigo 9, co seguinte contido:

«Artigo 9. *Medidas fitosanitarias nas zonas que non teñan o estatus comunitario de zona protexida en relación co lume bacteriano das rosáceas.*

1. Para evitar a propagación da enfermidade, o propietario ou titular das plantas afectadas aplicará algunha das medidas obrigatorias seguintes:

a) Arrinca e destrución inmediata de toda planta hospedante con síntomas, sen necesidade dunha análise bacteriolóxica que o confirme.

b) Extirpación e destrución de partes da planta hospedante con síntomas, mediante a corta efectuada, polo menos, a 40 centímetros do límite proximal visible da infección e con desinfección inmediata do instrumental empregado.

En ambos os casos se efectuarán tratamentos fitosanitarios nas épocas adecuadas cun principio activo autorizado.

2. Para a introdución e o desprazamento de vexetais ou produtos vexetais hospedantes polas zonas non protexidas serán de aplicación os requisitos especiais establecidos no anexo IV (A) II.9 do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, e segundo o anexo V (A) I.1.1 deste, é preceptivo o pasaporte fitosanitario de acompañamento.

3. Para a introdución e desprazamento polas zonas protexidas de vexetais ou produtos vexetais hospedantes orixinarios das zonas non protexidas será de aplicación o establecido no artigo 8.»

Tres. Engádesse un novo artigo 12, co seguinte contido:

«Artigo 12. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do previsto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 43/2002, do 20 de novembro, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que puidesen concorrer.»

Catro. Engádesse unha nova disposición adicional segunda co seguinte contido:

«Disposición adicional segunda. *Medidas nas zonas onde se considera establecida a enfermidade.*

Comprobado polos procedementos regulamentados o feito de que a enfermidade se encontra establecida nunha comunidade autónoma ou nunha zona delimitada dela, efectuada pola dita comunidade autónoma a comunicación deste feito á Dirección Xeral de Recursos Agrícolas e Gandeiros do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, e ata que tal comunidade autónoma ou zona delimitada dela quede indicada nos anexos correspondentes da Directiva 2000/29/CE, do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución nos Estados membros de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, e do Regulamento (CE) n.º 690/2008, da Comisión, do 4 de xullo de 2008, polo que se recoñecen zonas protexidas na Comunidade expostas a riscos fitosanitarios específicos, a citada comunidade autónoma ou zona delimitada dela terá a consideración de zona non protexida, e seralle de aplicación o determinado no artigo 9.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de decembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente,
e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO